

o pesimismo como arma política

Onte tiña unha xuntanza de traballo. Houbo dous colegas que non aparceron e a xuntanza adiouuse para a semana próxima, revelando que non era tan urxente como para tela marcado de boa mañá. Soubemos despois que os colegas non chegaran pois o metro foi evacuado por ameaza de bomba. Esta é a normalidade na que imos vivir nos anos a seguir, entendendo por “normalidade” o concepto estatístico da distribución dunha variábel, neste caso a ameaza e o medo insidioso (que medra asintótico coa presenza dos militares nas rúas).

A mediodía fun escoitar unha conferencia dun científico alemán cuxo nome xa esquecín. O profesor presentou unha visión apocalíptica da acidificación dos océanos, da elevación da temperatura aparelada a unha redución de osíxeno disolto no auga do mar. A súa teoría falaba dunha elevación do nivel do mar de entre seis e nove metros para o ano 2100. Pensei na casa de Vigo, o porto asolagado e a auga lambendo a estatua do sireno na Porta do sol. Saíndo da rúa do pracer, as escadas mecánicas levaban á beirmar. Sentín nostalxia do que non vou ver.

Abro o xornal nunha páxina calquera –tanto ten para constatar a evolución do mundo- un país sen goberno, outro en estado de sitio, un presidente que viaxa medio mundo para falar cun sátrapas de saia, para pedirilles que abandonen a senrazón do terror.

Rúas ateigadas de cámaras, para a nosa seguridade, para o noso benestar, para perder xa dunha vez a sensación de medo, de inseguridade, de terror ao outro. Cantas me terán rexistrado esta mañá, camiño da oficina, cantaruxando o retrouso dunha canción. Cámaras para perder tamén, de xeito insidioso a sensación de liberdade, a consciencia da intimidade, para sentirse vixiado, perseguido, observado nos movementos e nas accións máis inanes, menos determinantes, máis sospeitosas (esa ollada inquisitiva, ese xeito de andar errático, esa ilóxica na marcha).

Hoxe acordei ben cedo. As rúas baleiras e unha sensación de frío inusual para estas épocas do ano. Non pasou aínda o camiión da recollida do lixo e un par de funcionarios de mono de traballo verde e laranxa, inspeccionan ao azar as bolsas do lixo, unha aquí e outra máis alá. Toman notas logo dunha minuciosa separación do contido. Non sei que escriben, mais a semana pasada unha colega do traballo contoume que lle chegara unha multa por non ter deitado un envelope de papel na bolsa amarela, por telo mesturado cos restos orgánicos, cos ósos de polo e as mondas das laranxas. Repaso as miñas rutinas de selección e triaxe do lixo. Vexo como os funcionarios de mono de traballo verde e laranxa avanzan deixando atrás a porta da miña casa e sinto o alivio do transgresor que non foi collido en falta.

No aeroporto, hai dúas semanas pedíronme que identificara a miña equipaxe, que dera dous pasos atrás e ficara nunha fileira de pasaxeiros (que xa máis parece unha fileira de condeados aos fornos crematorios que outra cousa). Chega un can ansioso. Ule unha a unha as pezas da bagaxe dos pasaxeiros encirrado por un militar vestido de traxe de camuflaxe, de pistola ao cinto e fasquía de mercenario en guerras afastadas. Paso a equipaxe polo escáner e logo da humillación de deitar fóra o cinto, pasei o arco magnético que non soou (que alivio!). Coa mesma un cachimán de maneiras displicentes decide que fun seleccionado ao azar (a quinta vez en cinco viaxes) para facer unha proba de restos de explosivos. Con precisión cirúrxica percorre o meu van polo interior do pantalón semicaído e os bordos da miña mochila da que por certo tiven que retirar o ordenador portátil sospeito de ser unha bomba de relojería. Pola miña seguridade, polo meu ben, remexen na mochila para verificar que os cables do alimentador eléctrico ou o cargador do teléfono móbil non van xunguidos a un bocata de

anchoas con queixo (unha delicia), que poida ser tamén un artefacto perigoso. Pola miña seguridade, pola vosa, son filmado en todas esas operacións humillantes.

Dende casa ao traballo recorro cada día en vinte minutos un traxecto onde abundan os mendigos, en todas as súas formas, dende os que exhiben nenos para xerar piedade aos que de xeonllos do lado dun carte le francés ou en inglés primario reclaman unhas moedas para seguir vivindo, dende os que tocan o acordeón ou o saxo nunha esquina do metro. Nunha sociedade onde todo se compra con diñeiro, onde nada existe que non teña un valor monetario, a ausencia de recursos financeiros é o maior couto á liberdade. O empobrecemento progresivo da sociedade no seu conxunto é, pois, un síntoma claro da ausencia de liberdade.

Di Claudio Magris, o escritor triestino, que vivimos nun totalitarismo brando (no xornal, que son moi finos din soft, que para eles fica mellor así) e que se sorprende da ausencia de reacción cidadá. Eu non me sorprendo tanto pois observo que existe un grao elevado de gregarismo, de amnesia, de comportamento pre-autista da sociedade, anestesiada pola complexidade da situación, pola propaganda que magnifica o medo.